



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN AMARE TERRA PARA A POSTA EN MARCHA DA PLATAFORMA TERRA MOVE DESTINADA AO ECOSISTEMA DEPORTIVO GALEGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES,

DECLARA:

Que esta CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa Fundación Amare Terra o instrumento convencional referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de agosto de 2025 ao 31 de decembro de 2027.

Data sinatura	Descrición	Importe total
13/08/2025	Convenio de colaboración entre A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e a Fundación Amare Terra para a posta en marcha da Plataforma TERRA MOVE destinada ao ecosistema deportivo galego.	250.000,00 €

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Fundación Amare Terra para o desenvolvemento, implantación, expansión e consolidación da plataforma e ferramenta dixital TERRA MOVE destinada a captación de fondos, de xeito gratuito e solidario, por parte de clubs, federacións e entidades do ecosistema deportivo galego, así como tamén de entidades culturais, educativas e sociais, para os proxectos de interese común que estes promovan a través da plataforma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretenden asinar fundaméntanse no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias e funcións en materia de deportes e, en particular, o deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política deportiva de Galicia, así como a promoción e difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece no seu artigo 6 que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.



II.- A Fundación Amare Terra (en adiante Fundación) é unha fundación de interese galego constituída o 22 de decembro de 2023 mediante escritura pública nº 8.129 autorizada polo notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, Raúl Muñoz Maestre; clasificada de interese deportivo por Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 23 de outubro de 2024 (DOG, núm. 214 do 06.11.24); declarada de interese galego mediante Resolución do 11 de novembro de 2024 da súa Secretaría Xeral Técnica (DOG, núm. 225, do 21.11.24) e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2024/11. A Fundación ten como finalidade principal a cooperación, sen ánimo de lucro, ao cumprimento de iniciativas e ideais do seu fundador consistentes de forma primaria e principal na promoción, fomento, impulso, apoio e difusión de actividades deportivas, educativas e sociais.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de fomento e desenvolvemento do deporte galego nos seus diferentes niveis, actuacións que permitan a igualdade de oportunidades no acceso ao deporte, o apoio a modalidades con menos visibilidade, e a transmisión de valores educativos, sociais e solidarios. Este enfoque é coherente co compromiso institucional coa inclusión, a diversidade e a cohesión social. Neste sentido é de interese da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a colaboración con esta Fundación para a promoción e difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes, evitando calquera elemento de discriminación directa ou indirecta.

III.- A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada polo feito de que a plataforma TERRA MOVE ten como finalidade facilitar a captación de fondos e recursos e a mobilización solidaria en favor de clubs e entidades deportivas, especialmente as que promoven deportes minorizados, valores olímpicos e paralímpicos, inclusión, igualdade e cohesión social. Responde así, de maneira directa ás prioridades da política deportiva da Xunta promovendo a igualdade de oportunidades no acceso ao deporte, o apoio a modalidades con menos visibilidade, e a transmisión de valores educativos, sociais e solidarios. Desta circunstancia derívanse as razóns que acreditan o interese público das actuacións, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Considérase que a Fundación dispón dos medios e capacidades precisas para executar con garantías o obxecto deste proxecto, polo que, de acordo cos principios de eficacia e eficiencia, xustifícase a non concorrencia pública, resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

José Ramón Lete Lasa
Secretario Xeral para o Deporte

